

COMENTAR UNHA OBRA

1.- Ver e recoñecer na obra personaxes, detalles u obxectos que non permitan identificar o mito sobre o que deberemos investigar.

2.- Coñecer o mito (investigar)



Helio era o fillo de Hiperión. Tiña un carro de ouro do que turraban catro cabalos, e el mesmo estaba coroadado cunha brillante aureola. Cada un que o miraba debía cubrir os ollos para non quedar abraiado pola luz que irradiaba.

Cada mañá Helio percorría co seu carro toda a volta do ceo, de Oriente a Occidente, deica o Océano que circundaba a terra, dando luz e calor ao mundo. Durante a noite navegaba polo Océano deica chegar de novo a Oriente.

Faetonte era fillo de Helio e criouse en Exipto, sen medrar co seu pai, pois este estaba moi ocupado. Faetonte quería demostrar a todos os rapaces da súa idade que el era especial, fillo do mesmo deus Helio. Un día púxose en marcha e camiñou cara a Oriente, máis alá do horizonte, deica chegar ao pazo de seu pai, a quen lle pediu que lle deixase

guiar o carro un día para demostrar a todos que era, verdade o que lles dicía.

Helio negouse porque se precisaba experiencia e unha grande forza. Mais Faetonte insistiu e insistiu e Helio concedeu-lle o seu desexo, mais só por un día.

Todo foi ben ao principio. Faetonte dominaba os cabalos, tensando as redeas, nin demasiado alto nin demasiado baixo, seguindo o sendeiro marcado dos outros días ata chegar a Exipto. Alí o rapaz quixo que os outros mozos o visen e soubesen o que era ser fillo dun deus. Fixo entón abaixar o carro cara á terra, afastándose do seu seguro sendeiro. E os cabalos desenfrenáronse, achegáronse máis abaixo aínda do que Faetonte quixera e incendiaron a terra coa calor, queimaron árbores e secando campos de gran. Só o Nilo aguantou. Despois subiron rápido, máis aló das nubes e unha gran parte da terra fíxose fría e mares enteiros se xelaron. Chamou polo seu pai que non podía axudalo. Pero Zeus, cando viu que toda a terra ía quedar destruída, fulminou cun raio o rapaz que caeu do carro no Erídano; as ninfas das augas choraron e as súas bágoas transformáronse en ámbar.

Helio foi buscar o seu carro; topouno en Etiopía. Toda a terra de arredor estaba queimada, sen vexetación. Reconduciuno a Occidente cuberto cun manto horrorizado. O resto daquel día as tebras recubriron a terra.

3.- Volvemos á obra.

Observamos que momento do mito recolle e todos os detalles que puidesen ternos pasados inadvertidos.

Agora resumimos o mito referíndonos sempre á obra, símbolos que utiliza o pintor (carro de ouro, cabalos, Faetón aterrorizado ao desbocarse éstos, o carro aproximándose moito, queimando as terras...)

Se non se trata dun exame sen acceso a información, deberíamos tamén buscar a imaxe e investigar quen é o autor (neste caso Van Eyck, (1612-1668).

Rematamos cunha pequena reflexión sobre o mito (que explica). Sabías cal é a etimoloxía de "Etiopes"?

"Del griego antiguo [Αἰθίοψ](#) (aithíops), probablemente derivado de [αἴθω](#) (aítho), "[arder](#)", y [ὄψ](#) (óps),

"[cara](#), [rostro](#)"